

# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.usc.es/cultura/uveran09.htm>

## Universidade de Verán

Sarria (Lugo), do 27 ao 31 de xullo de 2009

### Curso: **Camiño de Santiago, Paisaxe e Comunicación**

Director: Luís Celeiro Álvarez. [l.celeiro@usc.es](mailto:l.celeiro@usc.es)

Secretario: Xoán Piñeiro Cochón. [xoanxose.pineiro@usc.es](mailto:xoanxose.pineiro@usc.es)

#### **Este curso conta co cofinanciamento do Concello de Sarria e de *Renfe***

Preténdese dar a coñecer a rota xacobeana en Galicia como un espazo de comunicación, nunha paisaxe diferenciada, tanto no rural coma no urbano, e cuns valores histórico-artísticos de gran importancia no propio Camiño e na súa contorna. Tentaremos descubrir o patrimonio arquitectónico, artístico e paisaxístico desta ruta milenaria en Galicia, fortalecer o desenvolvemento dos valores de solidariedade e de amizade, coñecer e fomentar a ampla riqueza cultural do Camiño e contribuír ao respecto e á divulgación desas características que o fixeron patrimonio da humanidade.

#### PROGRAMA

##### **Luns, 27 de xullo**

Concello de Sarria. Rúa Maior 14

11,30 h. **Inauguración do curso**

12,00 h.

##### **Brasil e o Camiño de Santiago**

Elias J. Torres Feijó, profesor de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela

16,30 h.

##### **A paisaxe dos medios no Camiño**

###### **Relatores:**

Xosé M<sup>a</sup> García Palmeiro, responsable de Comunicación do Consello da Cultura Galega  
Noa Díaz Varela, xornalista da Universidade de Santiago de Compostela.

Ignacio Rodríguez, xornalista de *El Progreso*

Magdalena Rodríguez, profesora da Escola Universitaria de Turismo da Coruña.

María Auxiliadora Garrido, profesora de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Valladolid

Modera: X. R. Penoucos, xornalista de *La Voz de Galicia*

##### **Martes, 28 de xullo**

Concello de Sarria. Rúa Maior 14

9,30 h.

##### **A pegada Xacobeana e a impronta galega nos EE. UU.**

Mario Pérez Rivera, empresario galego en América

11,00 h.

**A narración sonora: as imaxes auditivas**

Xosé Soengas Pérez, catedrático de Comunicación Audiovisual da Universidade de Santiago de Compostela

12,30 h.

**Xeografía e paisaxe vexetal do Camiño Francés en Galicia**

Jesús Izco Sevillano, catedrático de Botánica da Universidade de Santiago de Compostela

16,00 h.

Saída en autobús para Hospital do Incio

**Igrexa do Hospital do Incio**

Pilar Casas Gil, historiadora, especialistas en patrimonio histórico e cultural de Galicia

Visita á Ferrería do Incio

**Mércores, 29 de xullo**

Concello de Sarria. Rúa Maior 14

10,00 h.

**O interese cultural e económico das rutas históricas**

Cristovo Ramírez, xornalista e presidente da Asociación de Periodistas e Estudiosos do Camiño de Santiago (APECSA)

Segundo Vázquez Portomeñe, investigador da temática do Xacobeo en Europa e coordinador do proxecto editorial “A Gran Obra dos Camiños de Santiago”.

Daniel García Blanco, autor de varios libros sobre distintos aspectos dos Camiños de Santiago

Roberto Castro Sieiro, xornalista da Universidade de Santiago de Compostela.

Manuel F. Rodríguez, técnico da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo

Moderador: Manuel Vázquez Teijeiro

12,30 h.

**A Paisaxe Galega no Audiovisual**

Luis Hueso Montón, catedrático de Historia da Arte (Historia do Cine) da Universidade de Santiago de Compostela

Presenta: Ana Casanova, xornalista de *El Progreso*

**Xoves, 30 de xullo**

Concello de Sarria. Rúa Maior 14

10,00 h.

**O urbanismo no Camiño de Santiago**

Enrique Gómez-Reino Carnota, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela

11,00 h. Saída en autobús cara a Samos

11,30 h.

**Visita ao Mosteiro de Samos**

Xosé Luís Vélez Álvarez, Prior do Mosteiro de Samos

12,30 h. (No Mosteiro de Samos)

**Recomendacións sanitarias para os camiñantes**

Amalia Puga Martínez, directora do Departamento de Enfermería da Universidade de Santiago de Compostela

14,00 h. Comida no Hotel *A Veiga*

16,00 h. Camiñata ata Sarria

**Venres, 31 de xullo**

Concello de Sarria. Rúa Maior 14

10,00h.

**O Camiño e o renacemento do século XII**

Francisco Singul, historiador e técnico da *S. A. de Xestión do Plan Xacobeo*

11,30h.

**Xacobeo 2010, unha oportunidade comunicativa para Renfe**

Javier Tascón, Delegado de Comunicación, Marca e Publicidade de *Renfe* en Castilla y León, Galicia e Asturias

13,00h. **Clausura do Curso**

\*\*\*\*\*

<http://www.usc.es/cultura/uveran09.htm>

**NORMAS REGULADORAS**

A Universidade de Santiago de Compostela reconece o curso "**Camiño de Santiago, Paisaxe e Comunicación**" aos efectos de libre configuración coa equivalencia de 2 créditos.

**BOLSAS**

Ofrécense 3 bolsas de matrícula gratuíta para este cursos.

O prazo para realizar o pedimento de bolsas será **de 11 a 22 de maio de 2009**.

Para a avaliación das peticións de bolsa terase en conta o expediente académico.

Documentación que se debe presentar:

- 1.- Formulario de solicitude. Pode acceder a este formulario [nesta ligazón](#) ou pode tamén solicitalo nas dúas secretarías de Cursos de Verán. Neste formulario, que adopta a fórmula de declaración xurada, deberanse cumprimentar todos os datos solicitados.
- 2.- Expediente académico, no que ha constar necesariamente a **NOTA MEDIA SIMPLE**

Esta documentación enviarase en prazo á secretaría dos Cursos de Verán de Santiago de Compostela.

## **IMPORTE DA MATRÍCULA**

**-Taxa xeral: 120 Euros**

**-Taxa reducida, aplicable a estudantes de calquera universidade ou en estudos de formación profesional, persoas desempregadas e PDI e PAS da USC: 70 Euros**

-Todas as persoas que non están cubertas polo seguro escolar obrigatorio da USC (as persoas que non teñan realizado matrícula na USC no curso académico 2008-09 ou ben aquelas persoas que, sendo alumnos/as da USC neste curso 2008/09 e sendo maiores de 28 anos, non teñan contratado este seguro nos estudos nos que formalizaron matrícula), deben subscribir, a parte da matrícula, o seguro obrigatorio de 9,45 €. A formalización desta póliza farase no momento de realizar a matrícula-

## **PRAZO DE MATRÍCULA**

Ábrese o prazo:

En liña por internet, a partir de 25 de maio

Presencial, a partir de 15 de xuño

Acaba o prazo: 3 de xullo

## **CENTROS DE MATRICULACIÓN E INFORMACIÓN**

### **Campus de Compostela:**

Secretaría dos Cursos de Verán

Vicerreitoría de Cultura

Colexio de San Xerome

Praza do Obradoiro s/n

981 563100, extensións 11018 e 11103

Fax nº 981 585255

### **Campus de Lugo:**

Secretaría dos Cursos de Verán

Área de Cultura do Campus de Lugo

Pazo de Montenegro, Praciña da Universidade

982 285900, extensión 21513

Fax nº 982 285914